

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN CASA DA MULLER PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL NO EXERCICIO 2022.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Casa da Muller o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Asociación Casa da Muller dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte de Consellería de Política Social dos gastos derivados da execución dun proxecto de promoción da autonomía persoal da Asociación Casa da Muller, na aldea do Couto, en Ponteceso, no exercicio 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Asociación Casa da Muller leva a cabo un proxecto de promoción da autonomía persoal co que se pretende por un lado, dar impulso a unha serie de actividades culturais e educativas co obxecto de promover a participación activa da poboación maior na vida social e cultural, e por outro crear un espazo de encontro para os veciños, especialmente dirixido ás persoas maiores que viven soas. No proxecto denominado Universidade Rural Aldea do couto, os asistentes non reciben unha formación formal, senón que se pretende que teñan acceso a unha serie de contidos que no seu momento lles foron restrinxidos, e ao mesmo tempo se decaten do valor que eles teñen no mundo rural.

Que aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación casa da



Muller leva a cabo un proxecto de promoción da autonomía persoal co fin de promover un envellecemento activo e facilitar a relacións interxeracionais.

A especificidade do proxecto ven dada polos tipo de destinatarios e polo ámbito xeográfico. Vai dirixido ás persoas maiores que residen nun ámbito eminentemente rural, o que lles dificulta o acceso a este tipo de actividades, razóns que xustifican a concesión directa dunha subvención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, concretamente no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

